




Onde Oleiros é Mar


A costa norte agocha unha fermosa
paisaxe chea de vida



"Quen pasou a Marola pasou a mar toda"



A píntega común é un dos moitos
anfíbios presentes



A veta cuarcítica dálle seu nome, o Seixo Branco.



Así é a canción "A herba de namorar,
herba namoradeira, a herba de namorar,
trálocha na faltriqueira"



Antiga casa do fareiro,
hoxe centro de visitantes do espazo protexido



Golfiños, arroaces ou caldeiróns
deixáanse ver tamén

O Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes esténdese pola franxa litoral entre o cabo de Mera e o porto de Lorbé. Trátase dunha das poucas áreas naturais ben conservadas de toda a costa ártabra.

Nos cantís e matogueiras mantéñense diversas comunidades de vexetación moi ben conservadas, nas que viven varias plantas endémicas ameazadas como a herba de namorar ou a margarida de cantil. Asociados, aparecen numerosos insectos, réptiles, anfíbios e pequenos mamíferos, algúns tan singulares como a víbora de Seoane ou a píntega común.

Tamén están presentes interesantes elementos arquitectónicos como os faros de Mera, a igrexa románica de Dexo, restos de antigas baterías militares, antigos castros, portos naturais, fontes e lavadoiros. Todos estiveron presentes na vida diaria da comunidade durante centos de anos, e hoxe forman parte do patrimonio cultural do Concello.

Ilustración de Calros Silver




Video Monumento Natural
Costa de Dexo-Serantes



Os
equilibristas
dos cantís

As furnas, illas e illotes repartidos deste tramo dan acubillo a moitas aves mariñas. A colonia de corvo mariño cristado dos cantís de Dexo-Serantes é a colonia máis importante da Europa continental; esta especie en perigo de extinción consérvase en bo estado, fronte ás colonias do resto de Galicia onde está en retroceso.

Son moi relevantes tamén por escasos e singulares o paíño pequeno, que cría na illa da Marola, e o andoriñón, que no Golfo Ártabro só cría nas furnas do cabo de Mera.



1 · Aula do Mar dos Faros de Mera. Centro de Visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo - Serantes

2 · Faros de Mera

3 · Furna Olo Grande

4 · Furna A Regocha

5 · Furna Olo Pequeno

6 · Porto de Dexo

7 · Porto de Lorbé

1 · Castro de Subiña

2 · Castro de Punta Roza

3 · Castro de Torrella

4 · Igrexa Románica de Dexo

